



ACTA Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO "CENTRO DE DÍA DE PORTO DO SON".

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

D. Francisco Javier Quiñoy Taboada (Concelleiro Delegado de servizos sociais e promoción económica)

D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de economía e facenda).

D^a. Patricia Fernández Pérez (interventora do Concello).

D^a. Isabel García Santos (traballadora social do Concello).

D. José Manuel González García (Secretario do Concello).

Secretario: D. Juan Manuel Blanco Rodríguez (técnico de xestión do Concello).

HORA DE INICIO: 10:15 horas.

HORA DE REMATE: 10:25 horas.

No Salón de Sesións do Concello de Porto do Son, o 9 de xullo de 2013, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento de contratación da xestión do servizo público "Centro de Porto do Son" (cláusula 18.1 do prego de áusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre 1) presentada polos licitadores no procedemento para a contratación da xestión do servizo público "Centro de día de Porto do Son".

Na súa sesión do 26 de xuño de 2013, a Mesa de Contratación acordou "*Requirir aos licitadores que se indican a continuación para que procedan, no prazo de tres (3) días hábiles, á subsanación dos erros ou omisións que se indican:*

- AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L.: *non acredita correctamente a posesión da solvencia técnica e profesional, pois presenta relación dos principais servizos realizados nos últimos tres anos pero non achega os certificados ou declaracións acreditativos da realización dos mesmos (cláusula 11.2. D do prego de cláusulas administrativas particulares).*
- GERPESA SOCIAL, S.L.: *non acredita correctamente:*
 - *a posesión da solvencia financeira, pois presenta declaración dunha entidade financeira xenérica e sen referencia ningunha á posesión de solvencia financeira para a execución do contrato de que se trata (cláusula 11.2. D do prego de cláusulas administrativas particulares);*



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- a posesión de solvencia técnica e profesional, pois presenta relación dos principais servizos realizados nos últimos tres anos pero non achega os certificados ou declaracións acreditativos da realización dos mesmos (cláusula 11.2. D do prego de cláusulas administrativas particulares);

- atoparse debidamente inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (cláusula 11.2. E do prego de cláusulas administrativas particulares).

De non proceder á corrección dos erros no prazo outorgado, rexeitarase a proposición presentada e a oferta económica será excluída do procedemento de adxudicación (art. 83.5 do RD 1098/2001, do 12 de outubro)."

Examinada a documentación que foi aportada polos licitadores AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L. e GERPESA SOCIAL, S.L. aos que lles foi requirida a subsanación de erros ou omisións na documentación administrativa (sobre 1) na licitación indicadas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

ÚNICO.- Admitir ao procedemento aos licitadores AGRUPACIÓN DE ACTIVIDADES GERIÁTRICAS, S.L. e GERPESA SOCIAL, S.L.

Porto do Son, a 9 de xullo de 2013.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

D. Javier Quiñoy Taboada.

Vogal,

D.ª María José Maneiro Quintáns.

Vogal,

D.ª Patricia Fernández Pérez.

Vogal,

D.ª Isabel García Santos.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretario,

D. Juan Manuel Blanco Rodríguez.